

# CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

## Proceso e condicións de admisión de colaboracións

### 1. Presentación de colaboracións

*Cadernos de Fraseoloxía Galega* é unha revista internacional anual de temática fraseolóxica que ten tres obxectivos fundamentais: difundir materiais fraseolóxicos galegos inéditos; contribuír á reflexión sobre o ámbito fraseolóxico de calquera lingua; dar a coñecer os eventos e as publicacións más importantes verbo da fraseoloxía, moi especialmente da fraseoloxía galega. Esta revista entende o termo **fraseoloxía** nun sentido amplo, dando cabida non só ás locucións, senón tamén ás colocacións, aos termos compostos sintagmáticos, ás fórmulas e ás paremias. Consonte estes obxectivos, a revista subdivídese en catro seccións:

**Estudos:** publicaranse artigos de investigación orixinais sobre fraseoloxía, aceptándose tanto reflexións de corte esencialmente teórico como traballos aplicados (tradución, didáctica, fraseografía...). O corpus de análise pode ser o repertorio fraseolóxico de calquera lingua e tamén se admite a comparación entre os córpora de diferentes linguas.

**Recadádivas:** publicaranse recolleitas orixinais de fraseoloxía galega.

**Recensións:** publicaranse recensións críticas orixinais de obras recentes de temática fraseolóxica de calquera lingua ou país.

**Novas:** daranse a coñecer recursos, congresos, proxectos, traballos e publicacións (obras recibidas na redacción) que teñan relación co ámbito fraseolóxico. Farase fincapé na difusión de traballos académicos inéditos e de fraseografía espontánea.

Os artigos que se propoñan para publicar en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* teñen que ser **orixinais e inéditos**: é dicir, quedan excluídos os publicados anteriormente noutro formato ou idioma e tampouco deben estar postulados ou aceptados para a súa publicación noutra revista.

**1.1. A lingua de publicación** é a galega seguindo as normas da Real Academia Galega. A revista ofrecerá un servizo gratuito de tradución ao galego para aqueles artigos que resulten admitidos

e que estean redactados noutra lingua. Os artigos que cheguen á Redacción poden estar escritos en calquera lingua románica da Península Ibérica, en francés, en italiano ou en inglés.

**1.2. Cadernos de Fraseoloxía Galega** editouse en papel ata o número 17, 2015, e a partir do número 18 ofrécese só en versión dixital, gratuita en PDF no enderezo <http://www.cirp.gal/>.

**1.3.** A publicación dos traballos será gratuita. Os traballos deben elaborarse sobre as follas de estilo que se poden encontrar en [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg\\_estilo](http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_estilo). Como se pode comprobar nesa folla de estilo, todos os artigos deben chegar encabezados por un resumo e palabras clave no idioma orixinal e en inglés.

A extensión mínima deseñable para os artigos da sección **Estudos** é de aproximadamente 24 000 caracteres (incluíndo espazos, notas a pé de páxina e referencias bibliográficas); ao tratarse dunha publicación electrónica, non haberá un máximo establecido, áinda que si se recomenda limitar a extensión aos 40 000 caracteres. As **Recensións**, pola súa parte, deberán ter un mínimo de 9000 caracteres (incluíndo espazos, notas a pé de páxina e referencias bibliográficas); o máximo recomendado é de 20 000 caracteres. No caso das **Recadádivas** recoméndase unha extensión mínima similar á dos **Estudos**, pero faranse algunas excepcións en consideración ao carácter do material recollido.

**1.4.** Os orixinais deberán remitirse en versión electrónica (compatible cos procesadores de texto máis usuais para PC) ao enderezo electrónico [paremiias@cirp.es](mailto:paremiias@cirp.es). No caso de ser preciso, o autor deberá facer chegar á redacción da revista os permisos necesarios que aseguren o respecto á propiedade intelectual na reproducción dos materiais utilizados no artigo. Para tal caso, o enderezo postal é o seguinte: **Cadernos de Fraseoloxía Galega. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Rúa de San Roque 2, 15704 Santiago de Compostela. Galicia (España)**.

**1.5.** A data límite para o envío de traballos potencialmente publicables no ano en curso é, en principio, o 1 de marzo, podendo ser ampliable segundo as circunstancias. O Consello de Redacción fará unha primeira lectura dos traballos recibidos para determinar se cumpren os requisitos mínimos para a súa publicación. En caso afirmativo, remitiranse como traballos **anónimos a dúas persoas expertas** (membros ou non do Consello Científico), que deberán emitir **cadanxeu informe tamén anónimo** sobre a calidade e a conveniencia da súa publicación. Seguirase nisto un sistema de **dobre anonimato**, polo que nin os avaliadores coñecerán quen é o autor ou autora do traballo nin estes coñecerán a identidade dos avaliadores. Para que o artigo se publique, os dous informes deben ser positivos; no caso de que só unha das avaliacións recomende a publicación, o traballo remitirse a un **terceiro** avaliador e o ditame deste será definitivo. De aceptarse a publicación con reservas, o autor disporá aproximadamente de dúas semanas para presentar as alegacións aos cambios solicitados ou realizar xa as oportunas modificacións.

En recibindo os traballos modificados, o Consello de Redacción deberá acordar a súa aceptación ou o rexeitamento definitivo. O último día para notificar a aceptación ou o rexeitamento dun traballo é, en principio, o 15 de xuño, áinda que, en función da marcha do proceso global de avaliación de traballos, o Consello poderá ampliar esa data.

**1.6.** O Consello de Redacción só poderá alterar levemente os traballos recibidos e o obxectivo destas alteracións será o de corrixir errores mecánicos ou lingüísticos.

**1.7.** Todas as universidades de España e Portugal e tamén fraseólogos de Europa, América e África recibirán noticia puntual da nova publicación de **Cadernos de Fraseoloxía Galega**, que poderán consultar gratuitamente na web do CRPIH ([www.cirp.gal](http://www.cirp.gal)). Por outra parte, **Cadernos de Fraseoloxía Galega** figura en elencos bibliográficos importantes e manteñen hiperenlaces a diversas páxinas de referencia, como se especifica na páxina de créditos.

### **1.8. Condicións de difusión e copyright**

**Cadernos de Fraseoloxía Galega** públicase únicamente en formato electrónico desde 2017 e está disponible de forma gratuita en [www.cirp.gal](http://www.cirp.gal) (páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, de Santiago de Compostela).

Ao publicar en **Cadernos de Fraseoloxía Galega**, o autor cede todos os dereitos de explotación do seu artigo ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, de Santiago de Compostela, que, coas condicións e limitacións dispostas pola lexislación en materia de propiedade intelectual, é o titular do copyright. Esta titularidade concede ao dito Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades o derecho para todo o mundo a:

- publicar de balde a versión final do artigo na revista e distribuílo e/ou comunicalo publicamente, tanto na revista en si coma nouros medios relacionados, en formato impreso, dixital ou calquera outro que poida inventarse no futuro;
- traducir ou realizar *abstracts* do artigo e distribuílos e/ou comunicalos publicamente, e autorizar ou ceder a terceiros o mesmo derecho;
- depositar copias ou referencias do artigo en arquivos en liña tanto en plataformas propias do devandito Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coma en plataformas de terceiros autorizadas polo devandito Centro.

Os autores, universidades ou sociedades científicas que desexen incluír nos seus repositorios un ou varios artigos sempre deberán cumplir estas dúas condicións:

- que o texto (incluído o formato) sexa exactamente o de **Cadernos de Fraseoloxía Galega**;
- que sempre estea clara, visible e íntegra a referencia bibliográfica (revista, número, ano, páxinas, eISSN etc.).

## **2. Instrucións para revisores**

### **2.1. Obxectivo da revisión**

O obxectivo da revisión é determinar se o artigo avaliado posúe o interese e a calidade suficientes para ser publicado, con ou sen modificacións, en **Cadernos de Fraseoloxía Galega**, ou se pola contra, debe ser rexeitado.

## 2.2. Enfoques da revisión

### 2.2.1. Interese temático

Na sección **Estudos** de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* publicaranse artigos de investigación orixinais sobre fraseoloxía, aceptándose tanto reflexións teóricas como traballos aplicados (tradución, didáctica, historia...). O corpus de análise pode ser o repertorio fraseolóxico de calquera lingua. Na sección **Recadádivas** publicaranse recolleitas orixinais de fraseoloxía galega. Nos dous casos esta revista entende o termo *fraseoloxía* nun sentido amplio, dando cabida non só ás locucións, senón tamén ás colocacións, aos termos compostos sintagmáticos, ás fórmulas e ás paremias. Tendo isto en consideración, o revisor deberá indicar se o artigo obedece ou non aos criterios temáticos de publicación.

### 2.2. Calidade

O revisor deberá indicar así mesmo se o artigo reúne os requisitos mínimos de calidade para ser merecente de publicación. A este respecto deberá ter en conta os seguintes aspectos:

Estudos	Recadádivas
- <b>Orixinalidade e relevancia:</b> o autor fai unha achega nova e relevante para o campo investigado?	- <b>Presentación das unidades recollidas:</b> o autor ofrece un criterio organizativo das expresións? As expresións están correcta e sistematicamente lematizadas? No seu caso, as definicións están correcta e sistematicamente presentadas?
- <b>Adecuación da metodoloxía:</b> o autor emprega unha metodoloxía axeitada?	- <b>Información:</b> o autor ofrece todos os datos relevantes relativos á recolleita (metodoloxía, coordenadas espazo-temporais, criterios de selección...)?
- <b>Adecuación das conclusións:</b> están plena e axeitadamente xustificadas as conclusións do traballo a partir dos datos expostos?	
- <b>Presentación da información:</b> o autor organiza e expón a información axeitadamente?	
- <b>Explotación da bibliografía:</b> o autor emprega para a súa investigación a bibliografía precisa? É adecuada a discusión bibliográfica?	- <b>Metodoloxía:</b> o autor emprega unha metodoloxía axeitada no que atinxe á recolleita e selección das expresións?

### Presentación da revisión

O revisor deberá cubrir o formulario que acompañará estas instruccións. De acordo co exposto, deberá *indicar e xustificar* se o traballo se axusta aos intereses temáticos da revista. Só no caso de que a resposta sexa positiva, deberá *indicar e xustificar* tamén se o traballo se axusta aos criterios de calidade da revista.

Aínda que os criterios de calidade foron desdobrados en varios aspectos, que deben ser atendidos na revisión e comentados no informe, o avaliador poderá organizar libremente a súa exposición. En calquera caso, xustificaránse tódalas apreciacións realizadas, sexan positivas ou negativas. Tamén sería aconsellable que, na súa argumentación, o avaliador diferenciese entre observacións fundamentais e observacións secundarias.

Os comentarios do revisor débense vincular cunha toma de decisión sobre a publicación do traballo. Deste xeito, deberá indicar se o artigo

a) pode publicarse sen modificacións	c) pode publicarse, pero con importantes modificacións
b) pode publicarse, pero con modificacións menores	d) non se pode publicar

No caso de que as opcións marcadas sexan c) ou d), o revisor deberá explicar con claridade cales son os cambios que se deben realizar para que o traballo poida ser publicado. Esta explicación deberá ir acompañada da correspondente xustificación ou da correspondente remisión aos comentarios verbo da calidade do artigo.

### Estilo da revisión

O informe debe ser claro e preciso. Rogamos que sexa especialmente nido na exposición dos aspectos que cómpre modificar para que o artigo se poida publicar e que ofreza a referencia completa de calquera traballo ao que remita.

De por parte, lembrámoslle que un dos obxectivos fundamentais dos procesos de revisión é contribuír a mellorar a calidade dos traballos a través da crítica construtiva e obxectiva. Neste sentido, pregámoslle que atenda a este cualificativo e que evite expresións acerbas que poidan desanimar os autores dos traballos no seu proceso investigador (o revisor debe ter en conta que o artigo podería ser da autoría dun investigador que se está iniciando e que a súa revisión crítica e construtiva o pode axudar a mellorar ou reconducir aspectos básicos do seu método de traballo).

### Proceso da revisión

O avaliador debe remitir o formulario de revisión á Secretaría de Redacción (vaneferpa\_5@hotmai.com) no prazo máximo de *quince días* desde a recepción do traballo, que poderá ampliarse segundo as circunstancias. Cada artigo será enviado a dous revisores e só en caso de discrepancia entre eles se remitirá a un terceiro, cuxo ditame será definitivo. A Secretaría de Redacción comunicaralles aos autores a aceptación (provisional, isto é, suxeita a modificacións, ou definitiva) das colaboracións ou o seu rexeitamento. A comunicación realizarase mediante un informe razoado elaborado pola Secretaría de Redacción a partir dos formularios entregados polos avaliadores. Eventualmente poderán incluírse estes na súa versión íntegra pero sempre desprovistos de todo elemento textual ou informático que permita identificar os avaliadores.

Se o traballo resulta provisionalmente aceptado, a Secretaría de Redacción da revista deberá incluír no seu informe unha listaxe coas suxestións dos avaliadores. O autor terá un prazo máximo de quince días, ampliable segundo as circunstancias, para realizar as oportunas modificacións ou, no seu caso, as alegacións aos cambios solicitados. A revista, de súa vez, terá un prazo máximo de dez días, ampliable segundo as circunstancias, desde a recepción do traballo modificado, ou das alegacións, para notificar a aceptación ou o rexeitamento definitivo deste. Puntualmente, a Secretaría de Redacción poderá remitir o traballo modificado

aos avaliadores para que estes informen sobre a adecuación das modificacións realizadas aos cambios solicitados. Así mesmo, poderán enviarse as alegacións presentadas polo autor para que os avaliadores xustifiquen positiva ou negativamente a súa pertinencia.

O sistema de arbitraxe é de dobre anonimato, de xeito que nin os autores dos traballos deben coñecer o nome dos seus avaliadores nin os avaliadores deben coñecer o nome dos autores. Por tal motivo, prégase que no informe non se inclúa comentario algúns que poida desvelar a identidade do avaliador.

## CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

### Process of revision and acceptance of original works

#### 1. Submission process

**Cadernos de Fraseoloxía Galega** is an international journal phraseology-themed published annually with three essential objectives: to spread unpublished material about phraseology in Galician, to contribute to a reflection about phraseology in any language and to advertise the most important events and publications related to phraseology, especially those related to Galician phraseology. This journal has a wide view about phraseology, including not only locutions but also collocations, syntagmatic compound terms, formulae and paroemias. Regarding these objectives, the journal is divided in four sections:

**Studies:** original research articles about phraseology, both theoretical and practical articles (translation, didactics, phraseography, etc.) will be published. Corpora can be phraseological collections in any language and comparison between corpora of different languages is also accepted.

**Collections:** original compilations about Galician phraseology will be published.

**Reviews:** original critical review of recent works about phraseology in any language or from any country will be included.

**News:** resources, conferences, projects, articles and publications will be advertised (works received in the editorial office), as long as they are related to phraseology. The dissemination of unpublished works and spontaneous phraseography will be emphasized.

Articles proposed to be published on **Cadernos de Fraseoloxía Galega** have to be **original and unpublished**: previously published articles in any language or model are excluded, also those accepted or proposed to be published in any other journal.

**1.1.** Galician is the language of publication, following the standards of the Real Academia Galega. The journal offers a free service of translation to Galician to those articles accepted but written in any other language. Articles that reach the editorial office may be written in any Romance language of the Iberian Peninsula, French, Italian or English.

**1.2.** **Cadernos de Fraseoloxía Galega** was published on paper until the 17<sup>th</sup> edition, in 2015. Since issue 18, it is published only on a free PDF online in this link <http://www.cirp.gal/>.

**1.3.** Submitted publications will be free of charges. They might follow the guidelines explained on the style sheet on [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg\\_estilo](http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_estilo). As it can be seen, all the articles have to be introduced by an abstract and keywords on the original language and also in English.

The recommended minimum extension for articles on the **Papers** section is 24,000 characters (including spaces, footnotes and references). Due to the online nature of this journal, a maximum length has not been established, but it is recommended to keep it at

40,000 characters. **Reviews** should have a minimum length of 9,000 characters (again, including spaces, footnotes and references). A maximum extension of 20,000 characters is highly suggested. The extension of **Compilations** should be similar to that of Papers. However, given the characteristics of the compiled material, some exceptions can be made.

**1.4.** Originals have to be submitted on a digital version (compatible with the most common word processors on PC) to [paremias@circ.es](mailto:paremias@circ.es). When needed, authors must submit to the editorial office the corresponding documents to prove they are working within the copyright law on their articles. In this case, the mailing address is the following: **Cadernos de Fraseoloxía Galega. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Rúa de San Roque 2, 15704 Santiago de Compostela. Galicia (España).**

**1.5.** The deadline for submitting manuscripts for the same year of publication is the 1 March (any deferral must be duly justified). Articles received in time and approved by the Editorial Board are read to make sure they meet the requirements to be published. If so, they are referred **anonymously to two experts** (member or not of the Scientific Committee), which might submit **a report each** about quality and interest in such articles. The journal ensures **double confidentiality**, which means both the reviewers and the author will remain in the anonymity. Articles are published if both reports are positive. In the event of one unfavourable report, the manuscript is remitted to a third specialist whose opinion is deemed final. If publication is accepted for publication but with some modifications, authors will have a two-weeks period to submit a reply concerning the proposed changes or introduce them.

As modified works are received, the Editorial Board has to accept or deny their publication. Deadline to acceptance or denial of any article is 15 June, although the Board can reschedule it.

**1.6.** Editorial Board can only introduce minor modifications aimed to correct mechanical and linguistic errors.

**1.7.** All universities in Spain and Portugal, besides experts in phraseology from Europe, America and Africa will be notified of new editions of **Cadernos de Fraseoloxía Galega** to consult free on CRPIH's webpage ([www.cirp.gal](http://www.cirp.gal)). In addition, **Cadernos de Fraseoloxía Galega** appears on important bibliographic lists with links to several pages of reference as explained on the credits page.

#### **1.8. Dissemination and copyright conditions**

**Cadernos de Fraseoloxía Galega**, as mentioned, had two editions until issue 17: the first one in print and, six months afterwards, in electronic format available for free at [www.cirp.gal](http://www.cirp.gal) (website of *Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela*.

By publishing in **Cadernos de Fraseoloxía Galega**, the author hands over all the rights of exploitation of the article to *Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela*, which, with the conditions and limitations ordered by legislation

on intellectual property, is the copyright holder. This ownership grants the aforesaid *Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades* the right to:

- publish the final version of the article in the journal and disseminate it and/or communicate it publicly, both in the journal itself and in other related media, in printed, electronic or any other format that might be invented in the future;
- translate or make abstracts of the article and disseminate and/or communicate them publicly, and authorize or grant third parties the same rights;
- place copies or references of the article in online archives, both in platforms of the aforesaid *Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*, and in platforms of third parties authorized by the aforementioned Centre.

The Authors, Universities or Scientific Societies that expressly demand it may include in their repositories one or several articles as long as they fulfill these two conditions:

- that the text (including its format) be exactly the same as that of **Cadernos de Fraseoloxía Galega**;
- that the bibliographic reference be clear and unabridged (journal, issue, year, pages, eISSN, etc.).

## 2. INSTRUCTIONS TO REVIEWERS

### 1.1. 2.1. Revision purpose

The purpose of the revision is to determine if the revised papers have enough *interest* and *quality* to be published, with or without modifications, in **Cadernos de fraseoloxía galega** or if they must be rejected.

### 2.2. Revision perspectives

#### 2.2.1. Thematic focus

In the **Studies** section of **Cadernos de Fraseoloxía Galega** original research papers on phraseology will be published, accepting both theoretical reflections and applied research (translation, teaching, history approach...). In the **Compilations** section of **Cadernos de fraseoloxía galega**, Galician original phraseology collections will be published, taking into account that the term phraseology is understood in a broad sense, allowing not only locutions, but also collocations, syntagmatic compound terms, formulae and paroemias. The reviewer must indicate whether the paper follows the thematic criteria of publication or not.

#### 2.2.2. Quality

Reviewers should also indicate whether the paper meets the minimum quality requirements to be published. In this regard, they must take into account the following aspects:

Studies	Compilations
- <b>Originality and relevance:</b> Does the author make a new and relevant contribution to the field of research?	- <b>Presentation of the collected units:</b> Does the author offer an organizational criterion of the expressions? Are expressions correctly and systematically lemmatized? Are the definitions correctly and systematically presented?
- <b>Adequacy of the methodology:</b> Does the author use a suitable methodology?	- <b>Information:</b> Does the author provide all the relevant data related to the collection (methodology, space-time coordinates, selection criteria, etc. . .)?
- <b>Adequacy of the conclusions:</b> Are the conclusions of the work fully and properly justified based on the presented data?	
- <b>Presentation of the information:</b> Does the author organize and display the information properly?	
- <b>Use of the bibliography:</b> Does the author use the accurate bibliography for their research? Is the bibliographic discussion appropriate?	- <b>Methodology:</b> Does the author use a suitable methodology related to the collection and selection of expressions?

## Review Presentation

Reviewers must complete their report in accordance with these instructions. They must indicate and justify if the work *fits the thematic focuses of the journal*. Only in the case of a positive answer, they must indicate and justify if the work *meets the quality criteria of the journal*.

Although the quality criteria have been displayed in several ways, which must be addressed in the revision and commented on the report, reviewers are free to organize the review as best suits them. In any case, all the reviews, whether positive or negative, have to be duly justified. Reviewers are also recommended to distinguish between fundamental and secondary observations.

Reviewers' comments must be linked to a decision about the publication of the work. In this way, this decision has to indicate if the paper

a) can be published without modifications	c) can be published with important modifications
b) can be published with minor modifications	d) can't be published

In the case that the marked options are b) or c), reviewers must clearly explain the changes that must be made so that the work can be published. This explanation must be accompanied by the corresponding justification or reference to the comments regarding the quality of the paper.

## Style of the review

The report must be clear and accurate. Reviewers have to be especially careful in the presentation of the aspects that need to be modified so that the paper can be published. Thus, a complete reference of the works the author is referring to should be provided.

One of the main goals of the revision processes is to contribute improving the quality of the work through objective and constructive criticism. In this regard, each reviewer has to

follow these guidelines and avoid acerbic expressions that can discourage the authors of the works in their investigative process (reviewers must consider that articles may be written by early-stage researchers that could benefit from a constructive review that could help them to improve or redirect basic aspects of their working method).

### **Reviewing process**

Reviewers must send their report to the Journal Editorial Secretary vaneferpa\_5@hotmail.com within 15 days, expandable by needs, since the reception of the article. Each paper will be sent to two reviewers. Only in case of a disagreement between them, will it be sent to a third one, whose decision will be final. The Journal Editorial Secretary will inform the authors of the acceptance (provisional, that is, subject to change, or definitive) of the collaborations or their rejection. The communication will be carried out through a well-argued report prepared by the Journal Editorial Secretary from the reviewers' comments. These comments can be included in their full version, but always devoid of any textual or computer element to identify the reviewers.

If the work is provisionally accepted, the Journal Editorial Secretary should include a list with the reviewers' comments in the final report. The author will have about fifteen days, expandable by needs, to make the necessary modifications or to present, where appropriate, the declarations opposing the requested changes. The journal will have about ten days, expandable by needs, from the moment of receiving the modified work, or declarations, to notify the acceptance or definitive refusal. Punctually, the Journal Editorial Secretary may refer the modified work to the reviewers so that they may inform about the suitability of the modifications made to the requested changes. In turn, the declarations presented by the author may also be sent so that the reviewers can justify if they are relevant.

The arbitration system is a double-blind revision, so neither the authors of the works can know the name of their assessors nor can the reviewers know the name of the authors. Thus, reports must not contain any comment that may reveal a person's identity.

caldo. Caveando os toxos boten uvas. eito (a alguén). Chove-lo usa a galiña morta. Como eus é bo pero o demo non es nun zapato. Estar coma bia. Estar entre o caldeiro pre dálle que dálle. Estar uercala na praza. Falar do xo. Gañar cos dentes para a un. Haber mar de fondo. cesta. Ir na grade. Máis se r medio. Medir polo ferradoolla-la palleta. Músicos de dá na virada. Non me parece ser cura de can. Oír campás iga do mar. Os tempos son lo aire do morto. Pola fresca. e a auga na horta. Querer do galego. Saír dun souto e uén). Se o fillo sae ó pai saca de onte pra acá. Ser coma as asa grande. Ser más os nenos can merendeiro. Te-la antena na Habana. Ter (algo) na

A cera que vira a cera. Andar mal do tellado. Anaar no moita andada. Aristocracia do pan de millo. Botar pa Cambia-los ollos polo rabo. Cambiarlle a auga ó motor Canta-lo peixe. Cargar para Navia. Chegarlle o mar chovido. Chover coma nas películas. Coller unha Deus o trouxo ó mundo. Darlle ó trapo. Dar que fale é malo. Empreñar do aire e parir do vento. Estar con un can. Estar coma un congro /unha uva. Estar en e a cruz. Estar na aldea e non ve-las casas. Estar sempre ó remo. Facer unha América. Falar da caza mar e nel non entrar. Falar ó caso. Forte coma unha comer coas enxivas. Gustarlle as cousas moi dereitadas. Haber un formigueiro de xente. Ir coma un rei nunha perdeu na guerra de Cuba. Mandar a un a Noia. Manda Garda. Meter un trifásico. Molla-la palabra Mondoñedo. No tempo de María Castaña. Non chegar do caso. Non poñe-los ovos todos na mesma cesta. e non saber onde as tocan. Ollos verdes coma chegados. Pasa-la Cruz de Ferro. Petar na porta. Poñer neve no mes de agosto. Quere-lo sol na atranca-lo ceo coas pernas. Radio Disque. Requerir meterse noutro. Saír lle o río Anllóns polos ollos (de dúbidas a nai. Se-lo negocio da ameixa. Señoritas que poñen fóra. Ser da primeira apaña. Ser

